

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAÑIZA, A

Ordenanzas e Reglamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Por medio do presente faise pública a aprobación definitiva da Ordenanza de Normalización lingüística do Concello de A cañiza (Pontevedra), a cal foi aprobada inicialmente polo Concello-Pleno na súa sesión de data 30.11.2018. Non interpoñéndose alegacións a mesma esta ten carácter de definitiva

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DA CAÑIZA

LIMIAR

A Constitución española de 1978 proclama “a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións”, establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado, diferentes ao castelán, serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto.

A promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981, proclama a lingua galega como oficial de Galicia, na súa calidade de lingua propia desta terra, e desenvolve aínda máis este precepto no seu artigo 5.1º, onde dispón que a lingua propia de Galicia é o galego. O punto 3 confírelles aos poderes públicos a obriga de potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa, acrescentando que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional, segundo a Sentenza 82/1986, establece que, cando un Estatuto de Autonomía outorga carácter oficial á súa lingua, está impoñendo obrigas aos poderes públicos autonómicos. Aos poderes públicos impónselle o recoñecemento da lingua como medio normal de comunicación entre eles e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos.



Xoves, 14 de marzo de 2019

Núm. 52

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece que a lingua galega é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Como consecuencia deste principio, determina o carácter do galego como lingua oficial das Institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración Local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

No artigo 6 establécese o dereito da cidadanía ao uso do galego, oralmente e por escrito, e o dereito a seren atendidos en calquera instancia dentro do ámbito territorial da oficialidade e a plena validez e eficacia de calquera actuación no idioma propio.

Asemade, establece que a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei.

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, no seu artigo 1 dispón: As convocatorias de sesión, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisión informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega. Esta Lei establece igualmente, na súa disposición transitoria, que as entidades locais que non estean en condicións de incorporar de contado o galego como lingua normal nos actos escritos da Administración, disporán dun prazo de dous anos a partir da publicación desta Lei para adoptar acordo sobre a realización material do disposto nel e darlle cumprimento.

Máis amplamente se pronuncia a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, ao considerar, no seu artigo 7, que as convocatorias de sesión, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisión informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais, redactaranse en lingua galega.

Tamén regula o coñecemento da lingua que o persoal da administración ten que posuír ao indicar, no artigo 245.6, que nos sistemas de selección que se realicen para o acceso ás prazas da Administración local terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega.

No mesmo senso, a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no artigo 36.2 dispón que nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as corporacións locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperar o uso do noso idioma para os usos administrativos. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan.



As corporacións locais, por seren as administracións máis próximas aos cidadáns, son as que máis preto viven a marxinación da lingua galega. É preciso, pois, que os rexedores municipais en primeiro lugar, corrixan os hábitos lingüísticos existentes de predominio exclusivo da lingua castelán.

Por considerarmos que as razóns expostas abundan para cambiar as actitudes lingüísticas propónselle ao Pleno do Concello a aprobación do seguinte Regulamento de normalización lingüística.

REGULAMENTO

CAPÍTULO I *DO USO OFICIAL DO IDIOMA GALEGO*

ARTIGO 1

1.1.—O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén a lingua propia do Concello da Cañiza, sendo ademais o idioma de uso normal en todas as súas actividades.

1.2.—As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

1.3.—En consecuencia, o galego será o idioma oficial do Concello da Cañiza, como tamén o castelán, lingua oficial do Estado.

1.4.—A petición do interesado, a cidadanía ten dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

CAPÍTULO II *ÁMBITO DE APLICACIÓN*

ARTIGO 2

2.1.—O Concello da Cañiza empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas de Galicia.

2.2.—Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma, o concello empregará normalmente o castelán ou outra lingua oficial do lugar onde residan aquelas.

2.3.—O uso da lingua galega por parte do Concello da Cañiza e dos organismos que del dependan, hanse rexer polos criterios establecidos nesta ordenanza.

2.4.—O Concello da Cañiza velará para que no ámbito interno e nas actividades en que participe, se apliquen os principios anteriores aquí establecidos.



Xoves, 14 de marzo de 2019

Núm. 52

2.5.—O Concello da Cañiza mantén un Servizo de Normalización Lingüística co obxectivo de dar pulo á normalización do concello.

CAPÍTULO III
RESOLUCIÓN E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

ARTIGO 3

3.1.—Redactáranse en galego:

- As convocatorias das sesión de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de goberno, comisión informativas, consellos sectoriais e tribunais de oposicións e concursos.
- As actas de sesión dos anteditos órganos municipais.
- As resolución do/a alcalde/esa, dos/as concelleriros/as e o seu Libro de Rexistro.

3.2.—A Alcaldía, as concellerías e tamén as diversas dependencias administrativas ou servizos, redactarán en lingua galega os ditames, informes e propostas que teñan que someterse á decisión ou coñecemento de calquera órgano corporativo municipal.

3.3.—Todos os impresos utilizados polos diferentes órganos do Concello da Cañiza redactáranse en galego.

3.4.—Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, os devanditos impresos poderán redactarse ademais en castelán.

3.5.—As cabeceiras de toda clase de impresos, os selos de goma e outros elementos análogos han de ser escritos en galego.

3.6.—Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio deba producir efecto fóra da Comunidade Autónoma, tamén serán redactados en castelán.

3.7.—Nos rexistros administrativos do Concello da Cañiza os asentos faranse en galego, sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983.

CAPÍTULO IV
RELACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

ARTIGO 4

A documentación que o Concello dirixa a calquera das administracións públicas galegas redactaranse en lingua galega.



Xoves, 14 de marzo de 2019

Núm. 52

ARTIGO 5

As comunicación do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do estado e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego, redactaranse en lingua galega, independentemente do feito de que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.

ARTIGO 6

6.1.—As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza da nosa Comunidade Autónoma faranse en lingua galega, consignándose sempre por escrito o cumprimento do art. 7.2 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, que fai referencia á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

6.2.—Porén, aquelas que se produzan fóra do territorio galego faranse nas dúas linguas, indicando en todo caso que a tradución ao castelán parte dun orixinal en galego.

ARTIGO 7

7.1.—Os documentos do Concello dirixidos ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é tradución do orixinal galego, e achegarase no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

7.2.—As copias dos documentos do Concello en galego que deban enviarse a administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tramitaranse en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é tradución do orixinal galego e achegarase, no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

ARTIGO 8

Respecto dos documentos dirixidos directamente aos organismos centrais de ámbito estatal ou supraestatal, o Concello aterase ao que prevén as disposicións vixentes, redactándose sempre que sexa posible en galego.

CAPÍTULO V. ATENCIÓN AO PÚBLICO/COMUNICACIÓN COA CIDADANÍA

ARTIGO 9

Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que o o/a administrado/a demande expresamente ser atendido en castelán.



Xoves, 14 de marzo de 2019

Núm. 52

ARTIGO 10

As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes en Galicia, faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito dos/as cidadáns/ás a recibilas, se o demandan formalmente en castelán.

ARTIGO 11

Os impresos ofreceranse en versión galega, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán daqueles impresos que así se soliciten.

CAPÍTULO VI ANUNCIOS, PUBLICACIÓNS E ACTIVIDADES PÚBLICAS

ARTIGO 12

Os anuncios oficiais da entidade que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa Comunidade Autónoma, redactaranse en galego.

ARTIGO 13

13.1.—Calquera publicación editada polo Concello da Cañiza (libros, revistas, folletos, carteis,...) , así como as mensaxes que se emitan nos medios de comunicación, faranse en galego, agás aquelas destinadas á promoción exterior, que se realizarán na lingua das persoas destinatarias.

13.2.—Todos os textos que han ser publicados enviaranse ao Servizo de Normalización Lingüística para a súa revisión e corrección.

ARTIGO 14

Os cargos públicos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos realizados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

CAPÍTULO VII TOPÓNIMOS, SINALIZACIÓNS E RÓTULOS

ARTIGO 15

Tal e como dispón o art. 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do termo municipal da Cañiza é a galega, ao igual que os demais topónimos de Galicia.



Xoves, 14 de marzo de 2019

Núm. 52

ARTIGO 16

Os rótulos e sinalización da casa do concello e dos outros edificios e servizos municipais dependentes do Concello ou instalados polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias ou calquera outra entidade, serán redactados en lingua galega. Cando o interese xeral o requira, tamén poderán redactarse en castelán ou noutros idiomas.

ARTIGO 17

O Concello da Cañiza velará pola normalización e normativización de toda a súa sinalización e tomará as medidas necesarias para garantir o uso da toponimia oficial.

CAPÍTULO VIII PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN

ARTIGO 18

18.1.—A declaración de cooficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

18.2.—Para acadar este obxectivo establécese o seguinte:

- Nos procedementos de selección do novo persoal que impliquen a superación de probas ou exames incluírase sempre unha proba de coñecemento da lingua galega adecuada ao nivel e contido da praza convocada.
- As bases que se elaboren para o desenvolvemento dos devanditos procesos selectivos, á vista da normativa de aplicación poderán establecer que aqueles aspirantes que estean en posesión do certificado de capacitación da lingua galega CELGA correspondente a súa categoría laboral, queden excluídos da obriga de realización da devandita proba
- Nos procedementos de provisión de postos de traballo, o coñecemento da lingua galega terá a consideración de mérito.
- O Servizo de Normalización Lingüística formará parte dos tribunais cualificadores para valorar os coñecementos de galego na selección de persoal e na provisión de postos de traballo.

ARTIGO 19

As persoas responsables dos diferentes órganos do Concello da Cañiza, de acordo co Servizo de Normalización Lingüística, tomarán as medidas necesarias para que, nos órganos da súa competencia, o persoal que neles traballe teña os coñecementos precisos de galego co fin de garantir un desenvolvemento correcto, dende o punto de vista lingüístico, das tarefas internas ou dirixidas aos/ás administrados/as.



Xoves, 14 de marzo de 2019

Núm. 52

CAPÍTULO IX
CUMPRIMENTO E SEGUIMENTO DESTA ORDENANZA

ARTIGO 20

Para garantir o cumprimento desta ordenanza, crearase unha comisión de seguimento, integrada cando menos polo alcalde/alcaldesa, o/a secretario/a xeral, o/a xefe/a de persoal, a persoa responsable do Servizo de Normalización Lingüística e o concelleiro/a de cultura e educación .

ARTIGO 21

Esta comisión de seguimento reunirse polo menos unha vez ao ano para analizar e avaliar o cumprimento e desenvolvemento desta ordenanza, e extraordinariamente cando a convoque o alcalde por propia iniciativa ou por pedimento dalgún dos seus membros.

CAPÍTULO X
IMPULSO INSTITUCIONAL

ARTIGO 22

23.1.—De conformidade co establecido no art.25 da Lei de normalización lingüística da lingua galega, o Concello da Cañiza fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

23.2.—Todos os organismos do Concello da Cañiza darán pulo á normalización lingüística no seu ámbito de actuación co soporte técnico do Servizo de Normalización Lingüística e de acordo cos criterios que establece a comisión de seguimento desta ordenanza.

CAPÍTULO XI
SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ARTIGO 23

Entre as tarefas do Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Cañiza, sempre en coordinación coa comisión de seguimento, estarán a de coordinar as actividades e proxectos que protexan o idioma galego e pulen pola súa normalización tanto na administración como no seu uso público; coordinar as actividades e proxectos de normalización na súa totalidade; resolver dúbidas lingüísticas ou asesoramento que lle aparezan ao persoal do Concello ou a calquera outra asociación ou organización do termo municipal da Cañiza.



Xoves, 14 de marzo de 2019

Núm. 52

CAPÍTULO XII
ACTUALIZACIÓN, AMPLIACIÓN OU REVISIÓN DA ORDENANZA

ARTIGO 24

A actualización, ampliación ou revisión desta ordenanza, dependerá da Comisión de Seguimento, a cal elevará a proposta correspondente ao Pleno do Concello, para que, se procede, se aprobe a modificación.

Documento asinado electrónicamente por MIGUEL A. DOMINGUEZ ALFONSO, Alcalde do Concello.

